



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Setembro 2022 • Nº 270



SETEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

VOLVE O HORARIO DE INVERNO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VEDRA

- DO 16 DE SETEMBRO AO 14 DE XUÑO: DE LUNS A VENRES DE 9 A 14 HORAS.



Concello
de Vedra

ESTACIÓN MÓBIL ITV EN VEDRA EN OUTUBRO

- A Estación Móbil ITV para vehículos agrícolas estará no Campo da Festa de Vedra no mes de outubro.



As datas están aínda pendentes de confirmar así como a fórmula e prazos para a reserva de citas.

Publicitaremos esta información tan pronto a teñamos a disposición.

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA TODOS OS TERCEIROS MARTES DO MES!!

- Vedra ofrece un día ao mes para proporcionar á veciñanza información de Catastro, É IMPRESCINDIBLE RESERVAR CITA no teléfono 981 814 612.

En setembro a cita é o martes 20.

VEDRA FESTEIRA EN SETEMBRO!!!

- FESTAS DAS DORES en Vedra os 3, 4 e 5 de setembro.
- FESTAS DO GUNDÍAN en Ponte Ulla os 7, 8 e 11 de setembro.
- FESTAS DO PATIO en Santa Cruz de Ribadulla os 17, 18 e 19 de setembro.
- FESTA DO SAN QUIETÁN en Vedra o 24 de setembro.
- FESTA DO SAN MIGUELIÑO en San Miguel de Sarandón o 29 de setembro e 1 e 2 de outubro.


SERVIZO DE TAXIS EN VEDRA!!!

- Pena Alonso (San Pedro de Sarandón):
Teléfono 630 876 188.
- Núñez Rúa (Illobre):
Teléfono 695 445 959.
- Furelos Magariños (Vilanova):
687 626 935.





Pesentación do libro “Rara es la Enfermedad, Historias de Superación” da man da asociación “Muévete por los que no pueden”. O protagonismo foi para o caso de Andrea Pinilla Vázquez que convive co síndrome Rett, unha das denominadas enfermidades raras.



Participación dun grupo de xóvenes dos concellos de Vedra e Boqueixón nun campamento-intercambio xuvenil en Ibiza.

CORRENTES DO ULLA!

Un programa organizado polos Concellos de Vedra e Boqueixón no que se incluíu:



O Descenso en Piragüas polo Ulla.



A Escola de Pesca en Río impartida polo campión do mundo de pesca con mosca David Arcay.



A ruta de Sendeirismo Goza do Ulla.



Momento do Goza do Ulla 2022.



Foi en... Xullo e Agosto



Presentación do documental Outros Camiños de Rubén Riós en Vilanova.



Recepción municipal ao Club Olímpico de Vedra polo seu Subcampionato Masculino de España na categoría de Acuatlón.



Campo de voluntariado dos Concellos de Boqueixón e Vedra que realizaron o proxecto "Unindo Roteiros".



Paso por Vedra de máis de 500 persoas participantes na Peregrinación Europea de Xovenes.



Visita a Vedra do grupo de xóvenes participantes no Obradoiro de Emprego EmpregateApp.



Paso por Vedra da iniciativa Camiño de Santiago Xacobeo camiñar unidas para vencer as barreiras.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS

Ciclo de Cine de Verán da Asociación Senunpeso nas súas tres sesións:



Sesión en Vedra.



Sesión en Trobe.



Sesión en San Miguel.



XIX Festival de Bandas de Música do Patio en Santa Cruz de Ribadulla.



Participación da Escola de Música de Santa Cruz no V Festival de Bandas Infantís e Xuvenís celebrado na Cidade da Cultura.



Presentación do libro As Festas de Vedra da Asociación de Festexos Santa Baia de Vedra.



XI Festa do Chourizo da comisión de festexos de San Pedro de Sarandón.



Obradoiro de teatro para docentes, recurso e técnicas na aula con Cristina Collazo da Asoc. Cultural Papaventos.



Unha das actividades do Acamparte da ANPA CEIP Ortigueira.



Unha das actividades da Escola Ambiental da Asociación Amabul.



Unha das actividades do II Campus Deportivo do Club Olímpico de Vedra.

VEDRA COLOCA PANEIS INFORMATIVOS SOBRE OS HORARIOS DO TRANSPORTE METROPOLITANO NAS SÚAS PARADAS

■ En cada taboleiro as persoas usuarias do servizo poden atopar a información dos horarios, as frecuencias e os percorridos das rutas desa parada.

Dende o Concello tamén lembramos que toda a información actualizada está na web municipal www.concellodevedra.gal e tamén na revista “Transporte Público Metropolitano de Galicia en Vedra” que se repartiu a cada domicilio. Se algún veciño ou veciña non a recibiu pode pasar pola Casa consistorial e recoller o seu exemplar.



Cultura


EXPOSICIÓN “QUENTIÑOS DA FORXA” “FUNDACIÓN PACO LAREO. A Solaina de Piloño” NO CENTRO SOCIO CULTURAL DE VEDRA

■ A exposición “QUENTIÑOS DA FORXA” A Solaina no camiño; permanecerá aberta entre o 30 de setembro e o 11 de outubro no Centro Sociocultural de Vedra.

A Fundación Paco Lareo achéganos esta exposición dende a Forxa da Solaina ata Vedra; unha exposición itinerante e inédita, cunha antoloxía de 30 pezas artísticas de recoñecidos pintores e escultores galegos amigos de Paco Lareo que no seu día o agasallaron con ditas obras e que nunca saíron de Piloño.

Esta exposición está percorrendo os principais concellos da contorna polos que discorre o Camiño de Santiago, concretamente o Camiño de Inverno e Vía da Prata, dinamizando ditos territorios e poñendo en valor as artes plásticas galegas.

- **Inauguración:** Venres 30 de setembro ás 21:00 h.
- **Horario de apertura:** 3, 4, 5, 6, 7, 10 e 11 de outubro de 17:00 a 21:00 h.





“TOUPICIENCIA SHOW” DA XANELA DO MAXÍN NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA O 23 DE SETEMBRO

■ Desde a Rede de Dinamización Lingüística dentro dos proxectos culturais TeCe Redes en galego, ao abeiro do Fondo de Xacobeo 21-22, que xestiona a Secretaría Xeral de Política Lingüística, chega a Vedra este espectáculo para público infantil e familiar.

No “Toupiciencia Show” da Xanela do Maxín, foméntase e promóvese a divulgación científica en galego nun espazo de convivencia e proximidade e tamén se comparten experiencias e ábrese o camiño ao diálogo e interacción.

- **Data:** o venres 23 de setembro
- **Hora:** Ás 17 horas
- **Lugar:** O Centro Socio Cultural de Vedra

Actividade gratuíta sen necesidade de reserva previa e con aforo limitado!

Así que acude puntual a esta interesante cita!



Hábitos Saudables + Familia



IMPORTANCIA DA ALIMENTACIÓN SAUDABLE E UNHA VIDA ACTIVA, O 27 DE SETEMBRO ÁS 17 HORAS NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA

■ A enfermeira pediátrica do Centro de Saúde de Vedra, Eva Santos Miranda, impartirá as seguintes charlas sobre nutrición e hábitos saudables, xunto coa residente de pediatría Ana Suarez Casal. Temas de moito interese e importancia:

1. ALIMENTACIÓN SAUDABLE: MITOS E VERDADES!

Nesta primeira parte, explicaranos o que é unha alimentación saudable na infancia, coñecendo cales son os aspectos e pilares fundamentais dunha nutrición adecuada nesta etapa da vida. Falaremos de certos mitos asociados á alimentación, para que os coidadores principais, que son os que cociñan e educan nas casas, teñan a información correcta e actualizada e se fomenten os bos hábitos nutricionais dende o inicio.

2. ACTIVIDADE FÍSICA NA INFANCIA!

Nesta parte da sesión Eva, que tamén forma parte do grupo de investigación da USC que estuda a motrici-

dade da infancia e a súa relación coa obesidade e sobrepeso infantil, falaranos da importancia do exercicio físico e dos seus beneficios neste período da vida.

Trátase dunha actividade gratuíta que non precisa de reserva previa pero sí terá un aforo limitado.

Así que apunta esta cita na túa axenda!



CENTRO DE EMPRENDEMENTO

■ En A Estación retomaremos a actividade formativa ao longo do mes de setembro. No Facebook de A Estación Vedra poderedes ir descubrindo toda a información de forma actualizada.

Entre os cursos gratuítos previstos están unha nova edición do curso de Intelixencia emocional (20 horas) así como o de Creatividade aplicada á vida profesional e persoal, dos cales amosamos aquí información.

A maiores estamos interesados en coñecer as necesidades das empresas e emprendedor@s de Vedra, polo que queremos abrir un cauce para que nos expoñades as vosas propostas.

Estaremos encantados de escoitalas de cara a determinar a viabilidade de levar a cabo accións específicas para atendelas.

Podedes facernos chegar as vosas suxestións á dirección de correo-e aestacion@concellovedra.gal.

A ESTACION
CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2022
CURSO GRATUITO

CREATIVIDADE APLICADA Á VIDA PERSOAL E PROFESIONAL

Datos concretos daranse a coñecer no Facebook de A Estación Vedra

Que é ser creativo? Para qué serve?

A creatividade aplicada a calquera ámbito é a condición máis valorada para a definición e afianzamento do desenvolvemento persoal e profesional. Permite abrir a potencialidade humana ás fontes da inventiva, a innovación e a solución práctica de problemas.

Os temas que traballaremos serán:

- A intelixencia en acción.
- Métodos para a xeración de ideas creativas.
- A resolución creativa de problemas.
- Creatividade aplicada: aplicacións prácticas.



Nº de prazas máximo: 12

Duración: 20 horas. Martes e mércores de 16.30 a 20 h. Xoves de 16.30 a 19.30 h.

Información e inscricións nos tfnos. 981 51 22 44, 600 425 016 ou en aestacion@concellovedra.gal

INTELIXENCIA EMOCIONAL E SOCIAL (nova edición)

Datos concretos daranse a coñecer no Facebook de A Estación Vedra

Podemos entrenar a intelixencia emocional? Para qué serve?

Esta intelixencia permítenos tomar conciencia das nosas emocións, entender os sentimentos dos demais, ser máis resistentes ás presións e frustracións, incrementar a nosa capacidade de vivir e traballar con outras persoas, e ser capaces de adoptar unha actitude empática e social.

As competencias que traballaremos serán:

- Aprendizaxe das emocións.
- A xestión emocional: prepararse para o incontrolable.
- A intelixencia social: deseños para conectar



Nº de prazas máximo: 12

Duración: 20 horas. Martes e mércores de 16.30 a 20 h. Xoves de 16.30 a 19.30 h.

Información e inscricións nos tfnos. 981 51 22 44, 600 425 016 ou en aestacion@concellovedra.gal



Servizos Sociais

COIDADOS PORTA A PORTA EN VEDRA

■ É un programa da Xunta de Galicia que percorre os Concellos de Galicia para ofrecer consultas de audiología, podoloxía e estimulación da memoria para persoas maiores de 55 anos, con cita previa e de forma gratuíta.

- **Servizo de Audiología:** atención básica, informativa e prevención da xordeira.
- **Servizos de podoloxía:** para a prevención, diagnóstico e tratamento das principais patoloxías dos pés (eliminación de durezas, control de uñas)
- **Servizos de prevención do alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.** Consistente en: realización de probas de valoración cognitiva, exercicios e fichas de estimulación cognitiva, actividades de estimulación funcional e envellecemento activo, prevención da soidade non desexada e promoción da autonomía persoal.

A unidade móbil estará en Vedra os días 19 – 20 – 21 de setembro no Centro sociocultural da Terceira Idade.

Dende o 19 de agosto pódese solicitar cita previa nos teléfonos: 622 748 283 – 623 546 992 ou no correo electrónico: coidadosportaaporta.politicassocial@xunta.gal



Coidados porta a porta

Levamos servizos asistenciais ás persoas maiores no rural para a prevención da dependencia.



XUNTA
DE GALICIA



BONO COIDADADO XUNTA DE GALICIA

■ A Xunta de Galicia ten aberto o prazo para solicitar a axuda do bono coidado para a conciliación das familias ata o 30 de setembro de 2022.

É unha axuda ás familias con nenos e nenas residentes en Galicia de ata doce anos de idade, estes incluídos, para atención de necesidades de conciliación de carácter puntual ou durante os períodos de vacacións escolares.



Os servizos que se poden contratar son os seguintes:

- Contratación laboral dunha persoa empregada do fogar de forma temporal para o coidado do neno ou nena. Consideraranse tamén as ampliacións horarias de contratos laborais preexistentes que se realicen con esta finalidade no que se refire á dita ampliación.
- Contratación de servizos de atención á infancia a domicilio.
- Asistencia a servizos de conciliación autorizados pola Consellería de Política Social e Xuventude, en concreto, atención en ludotecas, espazos infantís ou servizos complementarios de atención á infancia previstos na Sección quinta do Capítulo III do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia...
- Asistencia a campamentos ou outros recursos de conciliación colectivos especificamente organizados por calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada para a atención dos nenos e nenas nos períodos de vacacións escolares.

A presentación das solicitudes farase obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia

Máis información, contías e requisitos na convocatoria (DOG nº 130, de 08.07.2022) e no teléfono 981 185 771 da Xefatura territorial de A Coruña da Consellería de Política Social.

BONO ALUGUEIRO MOCIDADE

■ A Xunta de Galicia ten aberto o prazo ata o 31 de outubro de 2022 para solicitar a axuda do bono alugueiro mocidade, para persoas menores de 36 anos que sexan titulares dun contrato de alugamento, dispoñan dunha fonte regular de ingresos e que as súas rentas anuais incluída a unidade de convivencia sexa inferior ou igual a 3 veces o IPREM.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia:

Máis información, contía e requisitos na Orde de convocatoria (DOG 124, de 30.06.2022) e no teléfono do IGVS 981 541 981.

**BONO ALUGUEIRO MOCIDADE**22,8 M€

AXUDAS PARA O PAGO DA RENDA DA VIVENDA HABITUAL
DIRIXIDAS Á MOCIDADE DE ENTRE 18 E 35 ANOS
250 € AO MES DURANTE 2 ANOS

REQUISITOS:
TER UNHA FONTE REGULAR DE INGRESOS E QUE NON SUPERE OS 24.319 € ANUAIS
A CONTÍA MÁXIMA DO ARRENDAMENTO NAS CIDADES SERÁ DE 600 €

PRAZO · ATA O 31 DE OUTUBRO

#ConstruíndoFogarXacobeo 2122

AXUDA DE 200€ PARA PERSOAS FÍSICAS DA AXENCIA TRIBUTARIA

■ É unha axuda de pago único de 200€ para as persoas físicas de baixo nivel de ingresos e patrimonio,

que sexan asalariadas, autónomas ou desempregadas. As rentas do ano 2021 da unidade familiar deberán ser inferiores a 14.000€ e o patrimonio, agás a vivenda habitual, non superar os 43.196,40€. Están excluídas as persoas perceptoras do IMV e quen perciban unha pensión.

A axuda pode solicitarse a través da sede electrónica da AEAT e será necesario dispoñer de certificado electrónico, DNI-e ou Cl@ve.

Máis información e acceso ao formulario de solicitude dispoñible na web da Axencia Tributaria.



Agencia Tributaria



PROGRAMA DE TERMALISMO DO IMSERSO INCLUSIÓN NAS LISTAXES DE AGARDA

■ Actualmente segue aberto o prazo para a inclusión nas listaxes de agarda do TERMALISMO do IMSERSO para as quendas dos meses de setembro a decembro de 2022. Este prazo manterase aberto ata o 30 de outubro de 2022.

A inclusión na listaxe de agarda é para poder acceder ás prazas que vaian quedando vacantes por renuncias ou outras circunstancias.

Máis información:

- Na páxina web do IMSERSO: www.imserso.es
- No teléfono do IMSERSO: 912 667 713
- No departamento de servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra (981 81 46 93)

DESTINO, DURACIÓN E PREZO DAS PRAZAS

DESTINOS	DURACIÓN	PREZO
Zona costeira peninsular: Andalucía, Cataluña, Murcia, Comunidade Valenciana con transporte.	Estancias 10 días (9 noites)	269,83 €
	Estancias 8 días (7 noites)	212,96 €
Zona costeira peninsular: Andalucía, Cataluña, Murcia, Comunidade Valenciana sen transporte.	Estancias 10 días (9 noites)	235,95 €
	Estancias 8 días (7 noites)	196,02 €
Zona costeira insular: Illas Baleares con transporte.	Estancias 10 días (9 noites)	308,37 €
	Estancias 8 días (7 noites)	248,96 €
Zona costeira insular: Illas Baleares sen transporte.	Estancias 10 días (9 noites)	236,07 €
	Estancias 8 días (7 noites)	195,78 €
Zona costeira insular: Illas Canarias con transporte.	Estancias 10 días (9 noites)	405,53 €
	Estancias 8 días (7 noites)	330,51 €
Zona costeira insular: Illas Canarias sen transporte.	Estancias 10 días (9 noites)	235,95 €
	Estancias 8 días (7 noites)	195,72 €
Turismo de interior	Circuitos culturais 6 días (5 noites)	272,71 €
	Turismo de natureza 5 días (4 noites)	266,81 €
	Capitais de provincia 4 días (3 noites)	115,98 €
	Ceuta o Melilla 5 días (4 noites)	266,81 €
Viaxes con procedencia europea		
Zona costeira peninsular e zona costeira insular: Illas Baleares	Estancias 10 días (9 noites)	455,81 €
Zona costeira insular: Illas Canarias	Estancias 8 días (7 noites)	419,29 €
Turismo de interior	Circuitos e itinerarios	302,51 €

Estes prezos inclúen:

- Aloxamento: habitación dobre a compartir. Se a persoa beneficiaria desexa habitación de uso individual, engadirase o seguinte suplemento por noite:
- 20 € Illas Baleares e zona costeira peninsular.
- 23 € Illas Canarias
- 25 € Turismo interior

- Pensión completa, excepto en viaxes a capitais de provincia onde o réximen é de media pensión
- Transporte, agás nas modalidades nas que non está engadido expresamente e en viaxes a capitais de provincia.
- Quendas de Nadal e fin de ano: inclúe un suplemento de 20 euros por persoa por cada xantar ou cea de gala (ceas de gala: 24 e 31 de decembro. Xantar de gala: 25 de decembro e 1 de xaneiro.



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

- **Servizo de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias (AGADEA):**

de luns a venres de 9:30 a 13:30 h.

CURSOS OUTUBRO 2022/XUÑO 2023

- **Ximnasia de maiores:**
os luns e mércores de 18:15 a 19:15 h. e de 19:15 a 20:15 h.
- **Obradoiro de traballo corporal:**
os martes de 19:00 a 20:00 h.
- **Obradoiro de memoria:**
os xoves de 17:00 a 18:30 h.
- **Canto-Coral:**
os venres de 19:30 a 21:00 h.

Estes cursos terán un custo de matrícula de 20 € (de outubro a xuño).

OUTROS CURSOS:

- **Laborterapia: pintura en roupa, trapillo...(As máns da avoa-Gratuito):**
os martes de 17:00 a 19:00 h.
- **Obradoiro de Teatro (Gratuito):**
pendente de fixar data.
- **Bailoterapia:** 20 €/trimestre, dende outubro a decembro os xoves de 19:00 a 20:00 h.
- **Hipopresivos:** 20 €/trimestre, dende outubro a decembro os venres de 18:00 a 19:00 h.

Para máis información e inscricións:

Centro Sociocultural de Vedra: 981 502 024 (en horario de tarde).
Servizos Sociais: 981 814 695 (en horario de mañá).



Excursión a Noia con xantar de confraternidade incluído.

- **Curso de dixitalización de persoas maiores "mellor acompañados":**

Ensino de novas tecnoloxías:

- Máquina de quendas de Concellos e Centros de Saúde.
- Caixeiro automático.
- Teléfono móbil.
- App móbil do Sergas.

Datas: 7, 14 e 21 de outubro en horario de mañá.

Para máis información e inscricións:

Centro Sociocultural de Vedra: 981 502 024 (en horario de tarde).
Servizos Sociais: 981 814 95 (en horario de mañá).

Colaboran: Fundación Amigos de Galicia e Xunta de Galicia.

EN SETEMBRO:

- **Celebración da patrona do Centro Social "Festa do Burgo", na carballeira.**

Sábado 10 de setembro ás 13:00 h.

Programa: misa cantada pola Coral da Terceira Idade, haberá pulpeiro, quen queira pode levar a comida... Actuación de Marietta.

EN OUTUBRO:

- **Excursión á Comarca do Salnés (Cambados, Ribadumia...)**
Xoves 13 de outubro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, visitas e xantar) -prazas limitadas- (O prazo de inscrición para esta saída ábrese o 3 de outubro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaránse por rigorosa orde de inscrición).

- **Bingo**
Xoves 20 de outubro ás 20:00 h.



A LUDOTECA EN SETEMBRO!!!

■ O mes de setembro ven cargado de actividades onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinaremoslles @s nen@s a convivir, a ser persoas cunha mirada crítica, tendo o obxectivo de interactuar coas familias, e constituír un punto de orientación, trataremos de informarllos sobre diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo d@s nen@s, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementar a tarefa educativa que realizan a familia e a escola.

Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Xogos cooperativos
- Gran xogo
- Ximcanas
- "Menud@s artistas"
- Móvete e baila
- Superchef

O horario no mes de setembro do 1 ao 7 será de 8:30 a 14:30 h.

A partires do día 9 o horario do servizo de ludoteca será o seguinte:

Luns a venres de 14:30 a 20:00 h.

Máis información no teléfono 699 041 486 ou 981 814 693; en horario de 9:00 a 13:00 h.
carmen.sabio@concellodevedra.com



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE EMPREGO
E IGUALDADE



Concello
de Vedra

SERVIZO DE MADRUGADORES

■ O servizo de madrugadores no marco do Programa de Conciliación Conxuga, continúa funcionando no curso 2022/2023; comezando o día 9 de setembro, podendo facer uso do servizo dende este mesmo día. O horario do servizo desenvólvese dende as 7:00 ata as 9:30h.



IMPORTANTE:

Nos días previos ao comezo do curso haberá unha reunión para todas as familias que estean inscritas e admitidas no servizo de Madrugadores para o que se lles contactará telefónicamente e a través do servizo de novas do Concello previamente.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE EMPREGO
E IGUALDADE



Concello
de Vedra



ARRINCAMOS DE NOVO O “MULLERES +”

■ Programa da promoción do apoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra.

- Coñecementos básicos no uso das TIC.

As participantes adquiriran coñecementos básicos e habilidades metodolóxicas no uso do computador e os seus compoñentes básicos, o uso dalgunhas aplicacións móbiles e as principais utilidades da internet.

- Coñecementos teóricos e habilidades metodolóxicas para promover a inclusión dixital.

- Apoderamento e autonomía das mulleres a través de ferramentas TIC de comunicación (correo electrónico, skype, whatsapp, etc.) e de participación nas redes sociais (facebook, twitter, instagram, pinterest, etc.).
- Procura de información en liña (buscadores, xornais, radio e televisión, blogs).
- E-xestión da vida cotiá (saúde, lecer e cultura, xestións locais, compras, banca electrónica), participación en organizacións de mulleres, cursos locais, etc.

O Departamento de Igualdade do Concello quere poñer en marcha unha nova acción formativa. Nesta ocasión, trátase do Programa Mulleres+, que dará comezo en setembro.

Estas accións formativas están para iso, para que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas e que van destinadas ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, de idiomas ou doutras ferramentas que lles permitan, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral.

Para poder facer fronte á fenda dixital de xénero o departamento de igualdade organiza este taller formativo.

O curso é gratuito!!

Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.com, teléfonos 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14:00 horas.

Como actividades complementarias do programa MU-



LLERES+ realizaranse os seguintes obradoiros:

HABILIDADES COMUNICATIVAS PARA O TRABALLO 27 E 29 DE SETEMBRO

■ Para as mulleres inscritas no Programa MULLES+, impartido por **Eva María Muñoz Pablos**. Coach individual e de equipos pola International Coaching Community. Practitioner en Programación Neurolinguística (PNL) e Máster en Coaching educativo.

Apaixoadada e comprometida no desenvolvemento, potenciación e visibilización do talento feminino, con máis de 6 anos de experiencia en programas e proxectos destinados especificamente á empregabilidade e apoderamento feminino.

CURSO DE AUTODEFENSA PARA MULLERES O 14 E 21 DE OUTUBRO

■ Requisitos:

- Ter 14 anos ou máis
- Inscribirse previamente dende o 1 de setembro ata o 11 de outubro ou ata cubrir prazos.
- É necesario asistir á actividade con roupa cómoda ou deportiva.

Características:

- Impartido por **Ruth Lorenzo**; tercer Dan de Kárate, Segundo Dan de Autodefensa, Instrutora de autodefensa, técnica nivel 3; Mendallista nacional e internacional; deportista galega de alto nivel; Master en alto rendimento Deportivo, Graduada en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.
- **Actividade gratuíta**

Máis información no teléfono 699 041 486 ou 981 814 693; en horario de 9:00 a 13:00 h. ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

OBRAIDRO DE SEXUALIDADE

■ Dirixido ao alumnado de secundaria en colaboración co CPI de Vedra.

- **Datos:** o 9 e 10 de novembro; non é necesario inscribirse previamente.



CURSO 2022/2023 PARA AS INICIATIVAS ASOCIATIVAS DE VEDRA

NOVO CURSO PARA A ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

■ As clases da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla comezan co curso escolar o 8 de setembro.

Aberto o prazo de matriculación presencial o 1 e 2 de setembro.



• **Lugar:** Local da Escola de Música na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.

• **Horario:** O 1 e 2 de setembro de 19 a 21 horas.

Dúvidas e consultas no teléfono 615 343 990.

ABERTO PRAZO DE MATRÍCULA PARA A ESCOLA DE MÚSICA DE VEDRA

■ Ata o 16 de setembro podes solicitar a túa praza nas clases de música para todas as idades dende iniciación (3-6 anos) en diante. Para calquera información contactar no teléfono 666 630 109.

ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA

■ Aberto o prazo de inscrición.

Inscríbete ou informate en www.escolasdeportivasvedra.org, no enderezo electrónico escolasdeportivasvedra@gmail.com ou no teléfono 622 629 205.

EE.DD. VEDRA
ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA
Tempada 2022/2023

INSCRIPCIONES ABERTAS

BIBERÓN	2017-2018
PREBENXAMÍN	2015-2016
BENXAMÍN	2013-2014
ALEVÍN	2011-2012
INFANTIL	2009-2010
CADETE	2007-2008
XUVENÍL	2004-2006

Información

- escolasdeportivasvedra@gmail.com
- 622 62 92 05
- <https://www.escolasdeportivasvedra.org>

ACTIVIDADES ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

■ ESCOLA DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL Curso 2022-2023

Gaita Requinta Acordeón Percusión
Baile tradicional Pandeireta

Horarios luns:

- 17:30 - 18:30: Iniciación ao baile tradicional+ pandeireta 1 (a partir de 4 anos).
- 18:30 - 19:30: Iniciación ao baile tradicional+ pandeireta 2.
- 18:30 - 19:30: Grupo de canto e pandeireta xuvenil.
- 19:30 - 20:30: Perfeccionamento ao baile tradicional.
- 19:30 - 20:30: Gaita, Requinta e percusión.
- 20:30 - 21:30: Iniciación a pandeireta.
- 20:30 - 21:30: Acordeón.
- 21:30 - 22:30: Grupo de canto e pandeireta para persoas adultas (maiores de 18 anos).
- 22:30 - 23:30: Baile tradicional para persoas adultas.

Prezos:

Musica e Baile Tradicional:

Baile + pandeireta, gaita, requinta, percusión:

- 10 €/mes socios/as.
- 15 €/mes non socios/as.

Acordeón:

- 18 €/mes socios/as.
- 22 €/mes non socios/as.

■ CLASES DE BAILES DE SALÓN

- **Día e hora:** os venres ás 21:00 horas.

Prezo:

- 15 €/mes socios/as (parella 30€).
- 20 €/mes non socios/as (parella 40€).

A actividade quedará suxeita a acadar un número mínimo de 10 parellas participantes para a súa posta en funcionamento.



CLASES DE BAIXO ELÉCTRICO E UKELELE

Iniciación e perfeccionamento:

- Día e hora: os sábados ás 12:00 horas.

Prezo:

- 15€/mes socios/as.
- 25€/mes non socios/as.

A actividade quedará suxeita a acadar un número mínimo de 4 participantes para a súa posta en funcionamento.

Opción para atención individualizada.

Prezos:

- 15 € a hora para persoas asociadas.
- 20 € a hora para persoas non asociadas.

BAILE MODERNO

Grupo infantil e grupo adultos:

Prezo:

- 15 €/mes socios/as
- 20 €/mes non socios/as

A actividade quedará suxeita a acadar un número mínimo de 4 participantes para a súa posta en funcionamento.

CLASES DE GUITARRA ESPAÑOLA E GUITARRA ELÉCTRICA

Prezo:

- 15€/mes socios/as.
- 25€/mes non socios/as.

A actividade quedará suxeita a acadar un número mínimo de 4 participantes para a súa posta en funcionamento.

Opción para atención individualizada.

Prezos:

- 15 € a hora para persoas asociadas.
- 20 € a hora para persoas non asociadas.

OBRADOIRO DE ENFIADO AO XEITO TRADICIONAL

- Pendente de concretar datas e prezos.

OBRADOIRO DE BORDADO AO AIRE

- Pendente de concretar datas e prezos.

Lugar das actividades:

- Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.

Para máis información e inscricións:

- 649 864 269 // 675 045 193
- E-mail: aacsancampio@gmail.com

Inscricións ata o 30 de setembro; inicio das clases no mes de outubro. Os horarios son aproximados e poden sufrir variacións segundo a formación dos grupos.

CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

Aberto o seu prazo de inscricións nas súas escolas de atletismo, triatlón e duatlón o **15 de setembro**. Para obter máis información escribe a olimpicodevedra@hotmail.com

- Os horarios indicados no cartel poderán ser susceptibles de lixeiras modificación/adaptación ao inicio da tempada, en virtude das novas altas, e reorganización dos grupos.
- As categorías referidas son as correspondentes ao próximo ano 2023.
- Para as novas altas en triatlón, os cativos / as cativas deberán superar proba de natación e ciclismo.
- Para inscrición nas escolas, cubre o enlace que atoparás nas redes sociais do clube, para máis información no noso mail: olimpicodevedra@hotmail.com, ou no número de teléfono 621017384.
- As clases darán comezo o luns 3 de outubro



TEMPADA 2022/2023 QUERES FORMAR PARTE DAS ESCOLAS DO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA?

O teu cativo/cativa quere iniciarse e coñecer o atletismo ou o triatlón co Club Olímpico de Vedra?, non o dubides, e solicita praza ANTES DO VINDEIRO 15 DE SETEMBRO. As prazas son limitadas, e serán outorgadas por orde de inscrición. Para máis información: olimpicodevedra@hotmail.com

ATLETISMO

GRUPO DE BASE 1 PISTA MULTISPORTS DE VEDRA (CPI VEDRA) (categorías ano 2023)	LUNS	MÉRCORES	VENRES
• SUB 8 (nados 2018) • SUB 10 (nados en 2015-2014) • SUB 12 (nados en 2013-2012)	16:15 a 17:15h (pavillón ou pista)	16:15 a 17:15h (pavillón ou pista)	16:15 a 17:15h (pavillón ou pista)
GRUPO DE BASE 2 PAVILLÓN E PISTA MULTISPORTS DE VEDRA (categorías ano 2023)	LUNS	MÉRCORES	VENRES
• SUB 14 (nados 2011-2010) • SUB 16 (nados 2009-2008) • SUB 18 (nados 2007-2006)	16:15h a 17:30h (pavillón ou pista)	16:15h a 17:30h (pavillón ou pista)	16:15h a 17:30h (pavillón ou pista)

TRIATLÓN/DUATLÓN

Para as novas altas en triatlón, os cativos/as deberán superar proba de natación e ciclismo.

GRUPO DE BASE PISCINA DE TEO, PAVILLÓN E PISTA DE VEDRA (categorías ano 2023)	LUNS	MÉRCORES	VENRES
• GRUPO 1 • Infantil (nados en 2015 a 2014) • eleitos (nados en 2013-2012)	18:30-19:15h CARRERA TEO 19:15-20:00h NATACIÓN TEO	17:15h-18:15h CARRERA/CICLISMO PISTA VEDRA	17:30 a 18:30h CARRERA/CICLISMO PISTA VEDRA 19:15-20:00h NATACIÓN TEO
• GRUPO 2 • Infantil (nados en 2011 a 2010) • eleitos (nados en 2009 a 2008) • xuvenil (nados en 2007 a 2006)	17:15-18:15h CARRERA/CICLISMO PISTA VEDRA 20:00-21:00h NATACIÓN TEO	18:30h-19:15h CARRERA/CICLISMO PISTA VEDRA 19:15-20:00h NATACIÓN TEO	17:30-18:30h CARRERA/CICLISMO PISTA VEDRA 20:00-21:00h NATACIÓN TEO

-Os presentes horarios poderán ser susceptibles de lixeiras modificacións ao inicio da tempada, en virtude das novas altas, e reorganización dos grupos. Para inscrición nas escolas, cubre o enlace que atoparás nas redes sociais do clube, para máis información no noso mail: olimpicodevedra@hotmail.com, ou no número de teléfono 621017384.



ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Aberto o prazo de matrícula para participar das clases de teatro con Cristina Collazo.

• Onde? No Centro Socio Cultural de Vedra.

• Cando? Os sábados pola mañá dende outubro de 2022 ata xuño de 2023

• Prezo? 15€ ao mes

Inscripcións abertas ata o 27 de setembro no enderezo electrónico ac_papaventos@yahoo.es



INICIATIVAS ASOCIATIVAS QUE CHEGARÁN PROXIMAMENTE

ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN ACUXUVE

ASOCIADAS +
DO 2 DE SETEMBRO AO 8 DE OUTUBRO 2022
PARA XÓVENES DE 14 A 30 ANOS

*Afectivisión Accions de muller
Decrecer Coñecer Medrar*

OBRADOIROS AUDIOVISUAIS+ENTREVISTAS+GRAVACIÓNS

+ INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓNS:
acuxuve@gmail.com - 619520793

ACUXUVE
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENITUDE
Concello de Vedra

acuxuve EN MARCHA
VENRES 2 SETEMBRO
EXCURSIÓN AO AQUAPARK DE CERCEDA
CON OBRADOIRO DE EXPRESIÓN CORPORAL (5 €)

MARTES 6 SETEMBRO
EXCURSIÓN Á PRAIA / RÍAS BAIXAS
CON OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA (GRATUITA)

SÁBADO 10 SETEMBRO
MULTIAVENTURA NA TIROLINA DAS MINAS
(A PONTENOVA) TIROLINA, RUTA DAS MINAS, KAYAK (20 €)

VENRES 16 SETEMBRO
ENCANTRO-FESTA FIN DO VERÁN
CON OBRADOIRO DE RISOTERAPIA (GRATUITA)

Para xóvenes de 14 a 30 anos
+ información e inscricións: acuxuve@gmail.com / 619520793

ACUXUVE
Concello de Vedra

IV XORNADAS MICOLÓXICAS COGOMELAR DA ASOCIACIÓN AMBIENTAL AMABUL

■ Serán un total de 3 xornadas teórico-prácticas.

- Datos: Os días 15, 22 e 23 de outubro.
- Lugar: Centro Sociocultural de Vedra.
- Inscricións e reservas no 620 424 090 ou na web www.amabul.org
- Imparte: Chemi Traba.

Xornadas micolóxicas COGOMELAR 2022

15 de outubro (de 10:00 a 14:00 h.):
O método "hábitats, cores e formas" para o estudo de cogomelos

15 de outubro (de 16:00 a 20:00 h.):
Caracteres macroscópicos dos cogomelos

22 de outubro (de 10:00 a 14:00 h.):
Caracteres organolépticos dos cogomelos

23 de outubro (de 10:00 a 14:00 h.):
Caracteres microscópicos dos cogomelos

Imparte: Chemi Traba

Preinscrición:
www.amabul.org
Prazas limitadas!!!

Lugar:
Centro Sociocultural de Vedra

Máis info:
620 424 090
amabul@amabul.org
[@asoc.amabul/](https://www.facebook.com/asoc.amabul/)

Deputación DA CORUÑA
ASOCIACIÓN AMABUL ama a biodiversidade útil
Ayuntamiento de VEDRA
Concello de Vedra



LAV.MOV 2022 DA ASOCIACIÓN SENUNPEO

■ 7, 8 e 9 de outubro

- Estación de tren de Santa Cruz de Ribadulla
- Inscripción aberta ata o 30 de setembro

Obradoiros de formación

- 8 e 9 de outubro

Obradoiros de 14 h. para persoas adultas (60 €)

- “Preparación de casting para actores e actrices” con Sandra Montes.
- “Iniciación a VFX. Composición nodal con FUSION (Davinci Resolve)” con Pablo Lamosa.

Obradoiro de 3 h. para rapazada (de balde)

- “Paper cinético” con Belén Veleiro



Desconto do 50% na matrícula para persoas socias de Senunpeso e veciñanza de Vedra

Concurso A Fume de Carozo

- 7, 8 e 9 de outubro
- Realización de curtas express en 48 h. seguindo uns requisitos sorpresa
- Premio á mellor curtametraxe: 1.000 €
- Inscripción: 10 € por equipo

Gala do concurso A Fume De Carozo 2022

- Domingo 8 de outubro ás 19 h.
- Proxección das curtas realizadas ao longo da fin de semana polos equipos participantes e elección da peza gañadora por un xurado profesional
- Aberto a todo o público

+ info e inscricións en senunpeso.org

Queres participar como actor ou actriz nas curtametraxes a concurso do LAV.MOV 2022?

Do 7 ao 9 de outubro varios equipos participarán en Vedra no concurso de curtas express “A Fume de Carozo”. Se che interesa estar dispoñible para participar como actor ou actriz, envíanos a senunpeso@gmail.com os seguintes datos: nome e apelidos, idade e dispoñibilidade horaria, e acompaña unha fotografía.



Xanela da Lingua

A REAL ACADEMIA GALEGA PUBLICA A “GUÍA DE NOMES GALEGOS”

■ A *Guía de nomes galegos* é un traballo do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega que pretende dar a coñecer á comunidade galega as formas estándares dos nomes persoais. Trátase dunha ferramenta en liña á que se pode acceder dende a páxina da RAG, de cada nome ofrece información etimolóxica, as equivalencias noutras linguas, variantes e hipocorísticos, un mapa da distribución municipal proporcionado polo Instituto Galego de

Estatística e un apartado de motivación que procura satisfacer a curiosidade sobre a historia ou a lenda de personaxes que se chamaron así. Así que xa sabes se queres coñecer á orixe do teu nome en galego ou buscar un nome da terra para o teu fillo ou filla fai uso desta páxina.

Encontrarás este recurso no seguinte enderezo electrónico: <https://academia.gal/nomes>

PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!